

**Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade empresarial Augas de Galicia, o Concello de Vilanova de Arousa e o Concello de Cambados para a execución das actuacións “Mellora do sistema de saneamento no Concello de Cambados” e “Mellora do sistema de saneamento no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra)”, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**

## **1. Antecedentes**

Os Concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados teñen atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 1) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).



## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, o Concello de Vilanova de Arousa e o Concello de Cambados que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as seguintes obras consistentes na “Mellora do sistema de saneamento no Concello de Cambados. Pontevedra (OH.336.1186)” e “Mellora do sistema de saneamento no Concello de Vilanova de Arousa. Pontevedra (OH.336.1128.PC)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Vilanova de Arousa e Cambados dispoñen dun sistema mancomunado de saneamento, sendo a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Tragove, o destino final das augas residuais dos dous municipios. Tal e como se detectou no plan de saneamento local redactado por Augas de Galicia, este sistema presenta problemas na súa rede de saneamento, debidos fundamentalmente a unha elevada incorporación de augas pluviais á mesma, que non son xestionadas axeitadamente, e ao funcionamento deficiente doutra EDAR, denominada EDAR do Facho.

Preténdese con estas actuacións, respecto do sistema de saneamento de Vilanova de Arousa, a execución dun tanque de tormentas, condución de desaugadoiro do aliviadoiro de emerxencia do tanque de tormentas, impulsión dende o tanque de tormentas ata a EDAR de Tragove, impulsións secundarias e remodelación dos bombeos.

E no sistema de saneamento de Cambados, prevese a construción dunha rede separativa e a eliminación de EDAR do Facho, conectando estas augas residuais á EDAR de Tragove.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

## 4. Estimación de custos e financiamento e estrutura

O custo total para as actuacións de referencia contemplada neste convenio financiarase integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de seis millóns douscentos cincuenta mil euros (6.250.000,00 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:



Ano	Importe
2021	250.000,00 €
2022	2.500.000,00 €
2023	3.500.000,00 €

As actuacións do convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80 %, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

O convenio ten carácter plurianual, a súa vixencia se estende ata o 31 de decembro de 2023.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela  
A directora de Augas de Galicia  
Teresa María Gutiérrez López  
(*asinado dixitalmente*)

